

## **SESION EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO O DIA 22 DE AGOSTO DE 2017.-**

No salón de sesións do concello de Ribadavia sendo as dez horas e quince minutos do día vinte e dous de agosto de 2017, reúnese en sesión extraordinaria e, en primeira convocatoria, o Concello Pleno baixo a presidencia do sr Alcalde-presidente , coa asistencia dos Sres/as concelleiros e concelleiras que a continuación se indican, actuando como secretario Francisco Fernández Castro.

### **ALCALDE- PRESIDENTE**

D José Ignacio Gómez Pérez ( PSOE)

### **CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS**

D RICARDO GONZÁLEZ AMARO (PSOE)

D<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ TOUZA ( PSOE)

D JAVIER IGLESIAS SENDÍN ( PSOE)

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( PSOE )

D CÉSAR MANUEL FERNÁNDEZ GIL (PP)

D MIGUEL GARCÍA DOMÍNGUEZ (PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)

D XACOBÉ GARCÍA SOTO (BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RIBEIRO EN COMÚN)

D MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ ( CxG-CCTT)

Non asiste don Celso Sotelo Barroso, concelleiro do PP.

Secretario: Francisco Fernández Castro.

APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA DOTAR A APORTACIÓN MUNICIPAL AO PROXECTO DE “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA” OBXECTO DE SUBVENCIÓN POLA CONSELLERÍA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2017 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN , EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS ENCAMIÑADAS Á HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA.

Alcalde.- Bos días imos a proceder a celebrar este pleno extraordinario. Vou leer a proposta de acordo, aínda que penso que xa se remitiu.

PRIMEIRO. Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.4/2017, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

#### Orzamento de gastos

Aplicación orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
Progr.	Económica			
433	619.00	1	Mellora das infraestruturas do parque empresarial de Ribadavia	27.852,10
			TOTAL GASTOS	27.852,10

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría, nos seguintes termos:

#### Orzamento de ingresos

Aplicación orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
Progr.	Económica			
433	619.00	1	Mellora das infraestruturas do parque empresarial de Ribadavia	27.852,10
			TOTAL GASTOS	27.852,10

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

D Manuel Vázquez López ( CxG. CC-TT).- Me parece ben, é mellorar unha infraestrutura fundamental.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Imos votar a favor, é boa noticia para o concello. A aportación económica do concello parece unha cantidade razoable. Non é este o pleno para abordar a situación do Parque Empresarial que é alarmante.

D Xacobe García Soto (BNG).- Non ten moito debate, estamos a favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A favor.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE).- Agradecer a todos os grupos a unanimidade. A obra abarca o asfaltado de todos os viais do parque, sinalización de seguridade vial e pintado das beirarrúas e melloras. Os viais da primeira fase deterioranse co paso dos camións que construíron a segunda fase. Hai algunhas parcelas que están en desuso, nese aspecto estou de acordo co exposto polo concelleiro de Ribeiro en Común. Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade .

E sendo as dez horas e vinte minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde-presidente levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO